# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REXISTRO XERAL
29.ABR03 01799
SAIDA

A Universidade de Santiago de Compostela aprobou a titulación propia de segundo ciclo de Graduado Superior en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións implantada no curso 2001/2002.

Tendo en conta que o número de estudiantes non permite o autofinanciamento razoable da titulación e que a implantación da nova titulación oficial de Enxeñería Técnica en Informática de Sistemas, cubrirá, en certa medida, algún dos obxectivos formativos que pretendía o G.S.T.I.C. o Consello de Goberno acordou proceder á extinción da titulación ...

**Segundo.-** Tódalas materias do primeiro curso quedarán sen dereito a docencia e só con dereito a exame no curso 2003/2004 e só terán docencia as materias obrigatorias e optativas de quinto curso.

**Terceiro.-** Tódolos alumnos terán dereito a 4 convocatorias de exame para cada unha das materias sen docencia.

***O calendario de extinción deste plano de estudios será o que segue:***

| | |
|---|---|
| 2003/2004 | 4° curso sen dereito a docencia e con dereito a exame |
| 2004/2005 | 4° curso sen dereito a docencia último curso con dereito a exame |
| 2004/2005 | 5° curso sen dereito a docencia e con dereito a exame |
| 2005/2006 | 5° curso sen dereito a docencia, último curso con dereito a exame |

**Cuarto.-** Os prezos públicos das materias sen dereito a docencia serán os que para cada curso académico estableza a Universidade.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2003

**O RECTOR**

**Senén Barro Ameneiro**

Sr. Secretario Xeral, Xefe UXA-Sur, Xefe Servicio de Xestión Académica, Xefa da Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento e Xefa do Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica.